

### CERTAME DE CURTAMETRAXES "CURTAS PARA ROSALÍA"

09/03/2010

O Certame de curtametraxes "Curtas para Rosalía" é un evento organizado e xestionado pola Asociación Socio-Pedagóxica Galega ([www.as-pg.com](http://www.as-pg.com)).

O motivo central destas curtas é a figura de Rosalía de Castro. Polo tanto aquelas persoas que queiran presentar obras a este certame deberán ter en conta que a temática xeral ha de ser a persoa de Rosalía de Castro, as súas obras ou algún elemento que destaque a súa vida, traballo ou calquera outro punto de interese da escritora como tal ou do seu contorno.

1. Poderán optar aos premios os traballos rodados en calquera sistema de gravación (cine, vídeo, outros)
2. As obras presentadas terán que ser enviadas en soporte vídeo dixital (DVD) antes das 14 horas do día 16 de xuño de 2010 ao enderezo postal que figura no apartado 4 destas bases, acompañadas da documentación que neste mesmo apartado 4 se solicita.
3. A duración non excederá en ningún caso os 20 minutos, créditos incluídos.
4. O idioma das obras presentadas será o Galego. A incorporación dos textos de Rosalía poderase facer no idioma en que foron redixidos.
5. Cada participante poderá presentar un máximo de tres obras.

A organización do certame Curtas para Rosalía establece dous premios:

- 1.- Un premio de 2000€ á mellor curtametraxe + Diploma.
2. Un premio de 1000 € + Diploma ás obras cuxos realizadores/as ou directores/as sexan menores de 30 anos a día 16 de xuño de 2010.

Máis información:

Asociación Socio-Pedagóxica Galega  
"Certame Curtas para Rosalía" Rúa Laracha, 9 -baixo  
15.010 A Coruña

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/expresate>

## O Encontro galego de Música Xove celebrouse coa asistencia dun cento de grupos, despois do seu aplazamento para o sábado 6 de marzo

09/03/2010

O Encontro galego de Música Xove celebrouse o pasado sábado 6 de marzo no IES Rosalía de Castro, despois do seu aplazamento a causa do temporal. Os encargados de inaugurar o evento foron Ovidio Rodeiro, Director de Xuventude e Voluntariado, e Ignacio Santos, Director Xerente da SA Xestión do Plan Xacobeo. A rapeira Aíd, que recentemente foi portada do iTunes en Estados Unidos e Latinoamérica, participou de xeito activo neste evento e foi a encargada de presentar aos músicos noveis e semiprofesionais durante a inauguración do acto.

Durante a presentación oficial, os centos de rapaces que asistiron a este evento tiveron a oportunidade de presentar a súa música diante de todos os asistentes. Este momento serviu como espazo de encontro e coñecemento, para que os grupos noveis atoparan novos músicos e se deran a coñecer ante todos. Ao longo do día, os asistentes participaron en obradoiros e masterclasses, e pola tarde sucedéronse os showcases (concertos de pequeno formato). En resumo, un encontro que foi moi disfrutado por todos no que houbo espazo para a diversión, pero tamén para a aprendizaxe.

Os encargados de abrir a charla coloquio foron Eva Perales, Directora do selo discográfico Blu Sens music, Ovidio Rodeiro, Director Xeral de Xuventude, Salva Rouco, da cadena SER Vigo, Xose Manuel Rodríguez Abella, técnico de Xuventude, e Fran Pérez "Naf", músico. Esta mesa redonda serviu como espazo de intercambio de experiencias e opinións entre os músicos e os poñentes.

Eva Perales foi a encargada de abrir o coloquio cun potente discurso acerca da industria discográfica. Creou controversia entre os asistentes afirmando que as institucións non eran as responsables do fracaso dos músicos, xa que "non teñen a responsabilidade de financiarlos, non máis que unha empresa privada ou os propios pais do artista". O seu obxectivo con estas palabras era facer pensar aos novos músicos presentes, e crear debate. Afirmou que ser músico non era "a profesión chollo", e que ningún músico podía "culpar do seu fracaso a ninguén máis que a sí mesmo".

Ao longo desta mesa redonda, os asistentes recorreron ás palabras de Eva para reafirmar os seus discursos. Fran "Naf", que participou no proxecto "rock parrulo" da Sala Nasa, explicou a súa experiencia como músico profesional, recalcou a importancia de todo o "traballo que está por detrás da pura música" e enfatizou a importancia de buscar unha "identidade musical".

As distintas visións dos poñentes conseguiron que se aunaran os mundos do artista e os organismos oficiais. Rodríguez Abella falou dende o punto de vista das institucións públicas, e da "súa obriga a dar subvencións aos músicos novos". Recalcou a importancia do papel da Dirección Xeral de Xuventude á hora de traballar cos mozos e impulsar este tipo de iniciativas musicais. Ao respecto, Ovidio Rodeiro, recordou que a Dirección Xeral de Xuventude conta cos medios necesarios para axudar ao sector, e anunciou a apertura próxima de sete locais de ensaio en Vigo, para a mellora dos grupos galegos apuntados á iniciativa.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/expresate>

## PREMIO DE PINTURA TERRAS DE IRIA

09/03/2010

Os concellos de Padrón, Rois e Dodro, e a empresa Aluminios Cortizo SA patrocinan e convocan o XIII Premio de Pintura por Terras do Iria.

Poderán concorrir todos os participantes que queiras sen ningún límite de idade, nacionalidade ou residencia.

Cada autor poderá concursar cunha soa obra de pintura, orixinal e inédita.

Os autores que desexen participar deberán facer unha inscrición previa. O prazo de recepción da solicitude de inscrición finaliza o 21 de abril de 2010.

[info@premioterrasdeiria.com](mailto:info@premioterrasdeiria.com)

En caso de envío por correo postal a dirección é a seguinte:

Premio de pintura Terras de Iria

Convento do Carme

Costanilla do Carme

15900 Padrón A Coruña

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/expresate>

## **XXI certame literario Camilo José Cela**

09/03/2010

O Excmo. Concello de Padrón convoca o XXI Premio Literario Camilo José Cela.

Establécese un premio de 1.500 € e unha estatuiña do escritor Camilo José Cela.

Os relatos terán unha extensión 12 a 25 folios, escritos a máquina e a dobre espazo. Deberán ser orixinais, inéditos, non premiados en calquera outro tipo de concurso e estar escritos en galego ou castelán.

O prazo de entrega dos relatos rematará o 15 de xullo de 2010.

Presentaríanse no rexistro de Entrada do Concello de Padrón, sito en Rúa Longa, nº 27, 15900, Padrón (A Coruña), por quintuplicado exemplar, sen sinatura e cun lema. Xuntarásese un sobre no que figure o devandito lema e dentro del unha cuartilla co nome, dos apelidos e tlfno.: do autor, cuna declaración de que o relato axústase ás normas establecidas na base

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/expresate>

## **Premios INJUVE para la creación do Instituto de la Juventud**

11/03/2010

O Ministerio de Igualdad convoca os «Premios Injuve para a Creación Nova» para o ano 2010, nas seguintes modalidades:

Artes Visuais.

Cómic e Ilustración.

Deseño.

Interpretación musical.

Composición de Música Contemporánea.

Textos Teatrais «Marqués de Bradomín».

Narrativa e Poesía.

Propostas Escénicas.

concederá os seguintes premios:

a) Artes Visuais:

1.º Obra realizada:

Tres premios de 6.000 euros cada un.

Seis accésits de 3.000 euros cada un.

Selección de obra para exposición, dun máximo de seis participantes.

2.º Proxectos: Catro premios de 3.000 euros cada un, como axuda á produción, para proxectos en fase de produción.

b) Cómic e Ilustración:

Dous premios de 3.000 euros cada un, por modalidade.

Tres accésits de 1.000 euros cada un, por modalidade.

Selección de obra para exposición, dun máximo de tres participantes, por modalidade.

c) Deseño:

1.º Obra realizada:

Tres premios de 4.000 euros cada un.

Tres accésits de 2.000 euros cada un.

Selección de traballos para exposición, dun máximo de catro participantes.

2. ° Proxectos: Tres premios de 2.000 euros cada un, como axuda á produción, para proxectos en fase de preproducción.

d) Interpretación musical:

Música Popular:

Dous premios de 3.000 euros cada un.

Dous accésits de 2.000 euros cada un.

Selección dun máximo de catro solistas ou grupos musicais para actuar en concerto.

Música Clásica:

Un premio de 3.000 euros.

Un accésit de 2.000 euros cada un.

Selección dun máximo de dous solistas ou grupos musicais para actuar en concerto.

e) Composición de Música Contemporánea:

Un premio de 6.000 euros.

Dous premios de 2.000 euros cada un outorgados polo CDMC.

Selección dun máximo de tres obras para a súa interpretación en concerto.

f) Textos Teatrais «Marqués de Bradomín»:

Un premio de 6.000 euros.

Dos accésit de 3.000 euros cada uno.

g) Narrativa y Poesía:

Un premio de 3.000 euros, por modalidade.

Un accésit de 1.500 euros, por modalidade.

h) Propuestas Escénicas:

Tres premios de 4.000 euros cada uno.

#### REQUISITOS

Poderán solicitar a súa participación, de forma individual ou colectiva (ata un máximo de seis compoñentes), nas modalidades artísticas convocadas, as persoas físicas de nacionalidade española e todas aquelas con residencia legal en España que non superen os 30 anos de idade o día 31 de decembro do ano 2010 e que se encontren na situación que fundamente a concesión dos premios, coas particularidades que se sinalan para cada un deles nos parágrafos seguintes, sempre que cumplan os requisitos establecidos na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

2. Os mozos e/ou colectivos que en edicións anteriores obtivesen os premios de maior contía nalgunha modalidade, non poderán presentarse a esa mesma modalidade pero si ás restantes da convocatoria.

Non poderán participar nesta convocatoria, os solistas ou grupos musicais seleccionados na última convocatoria de «Circuitos de Música Injuve», cando se presenten coa mesma formación musical, ou os que fosen seleccionados nas dúas convocatorias anteriores con diferente formación musical.

3. A comprobación da existencia de datos non axustados á realidade, en calquera momento do proceso anterior á concesión, poderá comportar a denegación do premio, sen prexuízo das responsabilidades en que puidesen incurrir os solicitantes.

#### PRAZO

O prazo de presentación das solicitudes finalizará transcorridos 30 días naturais dende o día seguinte á data de publicación da resolución no «BOE».

#### INFORMACION

BOE do 9 de marzo de 2010

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/expresate>

### **Concurso do cartel anunciador dsa FESTAS DO CARME E A FRAGA 2010.**

12/03/2010

O concello das Pontes convoca un concurso de cateis co motivo de anunciar as Festas do Carme e A Fraga do ano 2010.

No cartel aparecerá obrigatoriamente o seguinte texto: FESTAS DO CARME E A FRAGA AS PONTES DO 16 AO 25 DE XULLO DE 2010

O prazo de presentación e chegada dos carteis rematará o 12 de abril de 2010 ás 12:00 h.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/expresate>

## Premios da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic)

15/03/2010

A Axencia Galega das Industrias Culturais convoca os seguintes premios:

XIX Álvaro Cunqueiro para textos teatrais

V Manuel María de literatura dramática infantil

VIII Barriga Verde de textos para teatro de monicreques

Existirá un único galardado por premio (e modalidade, no caso do premio Barriga Verde), coa seguinte dotación económica:

-Álvaro Cunqueiro: 6.000 €.

-Manuel María: 6.000 €.

-Barriga Verde (modalidade infantil): 6.000 €.

-Barriga Verde (modalidade para adultos): 6.000 €.

Poderán optar aos premios persoas físicas que presenten textos teatrais inéditos escritos en galego conforme a normativa vixente, non representados nin premiados anteriormente noutros concursos ou convocatorias.

Os textos serán de tema e extensión libres, tendo en conta o principio de duración normal dun espectáculo completo para cada un dos premios, e quedarán excluídas as obras de teatro breve.

Textos:

Os textos deberán ser presentados por sextuplicado, en exemplares separados, en tamaño DIN A-4, mecanografados a dobre espazo, paxinados e grampados ou encadernados.

Na portada de cada unha das copias indicarse unicamente o título e/ou lema e o premio a que optan (no caso do Barriga Verde, especificando, ademais, a modalidade: rapaces ou adultos).

Nos textos non poderá figurar ningún dato que poida identificar o participante e romper o anonimato.

Documentación:

Acompañando os textos, os participantes nesta convocatoria deberán entregar un sobre pechado que reflecta no exterior os mesmos datos que na portada dos textos presentados (título e/ou lema e premio a que optan, coa modalidade no caso do premio Barriga Verde). No interior deste sobre pechado deberá incluírse:

-Solicitud de participación debidamente cuberta e asinada.

-Fotocopia do DNI, NIF, NIE, pasaporte ou documento equivalente.

-Declaración asinada polo autor de que o texto presentado non foi publicado nin premiado.

O período de admisión remata o 11 de xuño de 2010.

Máis información no DOG do 12 de marzo de 2010 e en [www.agadic.info](http://www.agadic.info)

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/expresate>

## Asociacionismo

### Subvencións a entidades con actividades relacionadas con vítimas do terrorismo

15/03/2010

O Ministerio do Interior convoca subvencións a asociacións, fundacións, entidades e institucións sen ánimo de lucro cuxos fins se dirixan á representación ou defensa do colectivo de vítimas do terrorismo.

#### BENEFICIARIOS

1. Poderán ser beneficiarias das axudas que se regulan nas presentes Bases, as asociacións, fundacións, entidades e institucións sen ánimo de lucro cuxo obxecto sexa a representación e defensa dos intereses das vítimas do terrorismo, e desenvolvan programas asistenciais dirixidos a paliar situacións persoais ou colectivas das devanditas vítimas.
2. Non poderán concorrer á concesión de novas subvencións os beneficiarios de anteriores axudas que non as tivesen xustificado nos prazos e na forma que se establece no Capítulo II do Título II do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

#### PRAZO

As solicitudes, xunto coa documentación necesaria, presentaranse no prazo dun mes dende a publicación da Orde de convocatoria no «Boletín Oficial do Estado».

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/asociacions/financiamento/ordedesubvencions>

## Campos de traballo

### Campamentos e campos de traballo para galegos ou descendentes de galegos no exterior, solicitudes ata o 10 de abril

10/03/2010

A Secretaría Xeral da Emigración convoca o programa de axudas para a participación en actividades de campamentos e campos de traballo dirixidos a mozos e mozas de orixe galega ou descendentes de galegos e que residan no exterior.

#### Requisitos:

- a) Ter residencia habitual fóra de Galicia.
- b) Ter nacido en Galicia ou ser descendente de galego ata o segundo grao de consanguinidade.
- c) Ter nacionalidade española.
- d) Atoparse vinculado con calquera concello galego no censo electoral de residentes ausentes, para aqueles solicitantes que teñan 18 ou máis anos á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.
- e) Ter unha idade entre 14 e 20 anos, o 30 de xuño do ano da convocatoria, para os participantes en actividades de campamento.
- f) Ter unha idade entre 18 e 30 anos, o 30 de xuño do ano da convocatoria, para os participantes en campos de traballo.
- g) No caso dos solicitantes de actividades de campamentos, non ter participado en edicións anteriores nesta modalidade.
- h) No caso de solicitantes en campos de traballo, non ter participado en edicións anteriores na modalidade de campos de traballo.
- i) Non contar a unidade económica familiar con ingresos superiores, en renda per cápita, a 2.5 veces o salario mínimo interprofesional ou equivalente, de referencia para o ano da convocatoria, do país de residencia do solicitante, agás os solicitantes residentes en Cuba, en que os ingresos non poderán ser superiores á prestación económica por anciandade establecida polo Estado español para o ano da convocatoria.

#### 1. Campamentos:

Convócanse 336 prazas en campamentos e albergues xuvenís situados en Galicia dependentes da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, en dúas quendas no mes de xullo.

O programa desenvólvese en dúas quendas diferentes con actividades tamén diferenciadas:

a) Na quenda do 1 ao 12 de xullo ten lugar a actividade Galiza: verde e azul, que busca proporcionar aos mozos e mozas de fóra de Galicia un mellor coñecemento da nosa terra; residirán os participantes -con idades comprendidas entre os 14 e os 17 anos- en dúas instalacións: seis días na zona de interior (no Camp. Xuvenil Os Chacotes, Palas de Rei (Lugo) e seis días na zona de costa (no albergue xuvenil de Gandarío-Bergondo (A Coruña), permanecendo en tendas de campaña no primeiro caso e nun albergue, en cuartos compartidos, no segundo.

b) Na segunda quenda, do 17 ao 28 de xullo, teñen lugar as Rotas coñece Galicia, a través dunha actividade de campamento itinerante, residindo os participantes -con idades comprendidas entre os 14 e os 20 anos- en tres instalacións de tipo albergue ou residencia xuvenil (en cuartos compartidos), cunha permanencia duns 4 días en cada unha delas.

As instalacións están situadas nas distintas provincias galegas: en Lugo, a Residencia Xuvenil Eijo Garay; en Ourense, a R.X. Florentino López Cuevillas; en Vigo (Pontevedra), a R.X. Altamar, e en Bergondo (A Coruña), o Albergue Xuvenil de Gandarío.

2. Campos de traballo: convócanse 40 prazas en campos de traballo situados en distintas localidades da Comunidade Autónoma galega, para participantes con idades comprendidas entre os 18 e os 30 anos, en modalidades tales como: arqueoloxía, animación sociocultural, social, ambiental. Trátase de actividades de colaboración desinteresada e voluntaria en traballos diversos na procura dun maior coñecemento da nosa cultura, da mellora ambiental do noso contorno e da recuperación do patrimonio cultural e arquitectónico. Ademais do traballo, ofrécese un programa con actividades de convivencia, de animación, de lecer e tempo libre.

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o 10 de abril de 2010.

Máis información no DOG do 10 de marzo de 2010 e na Secretaría Xeral de Emigración: [www.galiciaaberta.com](http://www.galiciaaberta.com)

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/campostraballo/ofertaengalicia>

## Emprego

### Asesor Comercial

09/03/2010

Clínica Dental selecciona para a zona de Carballo (A Coruña) un Asesor Comercial para:

- recepción dos novos pacientes que acuden á clínica.
- atención e seguimento de pacientes que comencan tratamento.
- supervisar e xestionar as políticas de financiación.

Interesados enviar CV a:  
vsrrhdental@gmail.com

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/empregoprivado>

### Persoal de Mantemento e Operario

09/03/2010

GALANAS CONSTRUCCIONES METÁLICAS precisa para incorporación inmediata:

- Persoal de mantemento.
- Operario.

se require:

1. experiencia demostrable e amplios coñecementos en electromecánica e reparación de maquinaria.
2. se valorará estar en posesión do carné de 1º.

Para Operario:

1. manexo de máquina de control numérico.
2. imprescindible experiencia.

Interesados enviar CV a galanas@galanas.es

Milladoiro (Ames)

Sacado da Voz de Galicia do domingo 7 de marzo de 2010.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/empregoprivado>

## DELINEANTE TEKLA XSTEEL

11/03/2010

GRUPO AURELA S.L. empresa do sector de estruturas metálicas selecciona un posto de delineante para despiece e modelado en TEKLA XSTEEL para Lalín (Pontevedra).

se require:

1. estudos de FPPI ou Ciclo de Grado Superior, especialidade de Edificación e Obra Civil (construcción).
2. imprescindible dominio do programa TEKLA XSTEEL e residir na comarca de Lalín ou proximidades.
3. experiencia de máis de dous anos.

rrhh@grupoaurela.es

986787062

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/empregoprivado>

## Persoal laboral fixo da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos

11/03/2010

A Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos convoca probas selectivas para cubrir unha (1) praza de xefatura de sección.

O procedemento de selección será o de concurso-oposición, coas probas, exercicios, sistemas de cualificación, temario, baremo e relación de méritos.

Requisitos: estar en posesión ou en condición de obter o título universitario de enxeñaría de camiños, canais e portos.

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o 20 de febreiro de 2010.

Máis información no DOG do 10 de marzo de 2010 e en <http://augasdeg Galicia.xunta.es/>

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/emprego/empregopublico/autonomica>

## PROFESOR/A

11/03/2010

LUCERNA PSICOLOXIA, gabinete de psicoloxía e centro de apoio e reforzo escolar necesita un profesor/a para ensino das asignaturas de galego, inglés, ademais de filosofía e historia. Se valorarán coñecementos de latín.

Para zona de Cambados (Pontevedra).

se require:

1. estudos de licenciado, enxeñeiro superior.
2. non se require experiencia mínima.
3. capacidade de traballo con nenos e adoscentes.

se ofrece:

1. xornada parcial. Contrato de seis hrs. semanais.

lucerna.psi@gmail.com

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/empregoprivado>

## **PROFESOR/A DE CIENCIAS**

11/03/2010

**LUCERNA PSICOLOXIA**, gabinete de psicoloxía e centro de apoio e reforzo escolar, situado en Cambados (Pontevedra) selecciona un profesor/a de ciencias para impartir clases a alumnos de primaria, secundaria e bacharelato con coñecementos de inglés a nivel de 2º de bacharelato.

se require:

1. estudos de diplomado ou enxeñeiro técnico.
2. non se require experiencia.
3. capacidade de traballo con adolescentes, ademais coñecementos de inglés.

se ofrece:

xornada parcial con horario continuado de seis hrs. semanais, con posibilidade de ampliación.

lucerna.psi@gmail.com

986520272

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/empregoprivado>

## **Técnico para o proxecto Interreg SUDOE IVB WINETech**

11/03/2010

O Instituto Galego da Calidade Alimentaria (Ingacal) convoca un proceso de selección para a contratación dun técnico para o proxecto Interreg SUDOE IVB WINETech mediante contrato laboral de obra ou servizo determinado.

As solicitudes de participación deberán presentarse ata o 24 de marzo de 2010.

Máis información no DOG do 11 de marzo de 2010 e na páxina do Instituto Galego de Calidade Alimentaria:

[http://mediorural.xunta.es/areas/investigacion\\_e\\_formaci/instituto\\_galego\\_da\\_calidade\\_alimentaria/](http://mediorural.xunta.es/areas/investigacion_e_formaci/instituto_galego_da_calidade_alimentaria/)

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/emprego/empregopublico/autonomica>

## Convocada Bolsa de traballo de Mestres en Cataluña

12/03/2010

O Departamento de Educación da Generalitat de Cataluña, convoca bolsa con carácter temporal en ensinanzas non universitarias por concurso.

Son con carácter temporal como persoal interino docente .  
O prazo de presentación de solicitudes é ata o 18 de marzo de 2010.  
Máis información DOGC do 8 de marzo de 2010.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/emprego/empregopublico/autonomica>

## Convocadas 280 prazas de Avogados Fiscais substitutos.

12/03/2010

O Ministerio de Xustiza convoca estas prazas de carácter temporal, polo sistema de concurso.

O prazo de presentación de solicitudes é de 10 días contados a partir da publicación no BOE.  
Máis información BOE do 11 de marzo de 2010.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/emprego/empregopublico/estado>

## Convocatoria dunha praza de Auxiliar Administrativo

12/03/2010

O Concello de A Estrada fai pública a convocatoria dunha praza de Auxiliar Admtvo. polo procedemento de oposición libre para o padrón municipal de habitantes.

Para ser admitidos á realización das probas selectivas os aspirantes deberán reuni-los seguintes requisitos:

1. Ser español ou posuí-la nacionalidade de calquera dos Estados membros da Unión Europea ou a dalgún dos Estados ós que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos definidos no Tratado Constitutivo da Unión Europea, en virtude de Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, todo elo nos termos dos artigo 57 do Estatuto Básico do Empregado Público.
2. Ter cumpridos os 16 anos de idade, e non superar a idade máxima de xubilación.
3. Estar en posesión do Título de Graduado en Educación Secundaria ou equivalente..

4. Non ter sido separado do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado, por sentenza firme, para o exercicio de funcións públicas.

O prazo para a presentación de solicitudes será de 10 días naturais, contados a partires do día seguinte ó da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Máis información: Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOP), núm. 49, do venres 12 de marzo de 2010. [www.depontevedra.es](http://www.depontevedra.es)

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/emprego/empregopublico>

## Ofertas do Servizo Público de Emprego

12/03/2010

Nº Oferta: 12/2009/21069

- Data: 12/03/10

- Posto ofertado: OPERADOR/A DE PLANTA DE TRATAMENTO DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS

- Localidade: PADRÓN (A CORUÑA)

REQUISITOS

NECESÍTASE OPERARIO/A PARA PLANTA DE RECICLAXE CON CARNÉ DE CAMIÓN C E ADR PARA TRABALLAR NA ZONA DE PADRON.

Nº Oferta: 12/2010/1413

- Data: 12/03/10

- Posto ofertado: APLICADOR/A DE REVESTIMENTOS CONTINUOS DE FACHADAS

- Localidade: AMES (A CORUÑA)

REQUISITOS

MONTADOR/A DE CHAPA OU FACHADAS LIXEIRAS

Nº Oferta: 12/2010/1614

- Data: 12/03/10

- Posto ofertado: MATACHÍN-CARNICEIRO, EN XERAL

- Localidade: QUIROGA (LUGO)

REQUISITOS

NECESÍTASE MATACHÍN-CARNICEIRO/A.

Nº Oferta: 12/2010/1714

- Data: 12/03/10

- Posto ofertado: PERRUQUEIRO/A DE SEÑORAS

- Localidade: MONFORTE DE LEMOS (LUGO)

REQUISITOS

PERRUQUEIRO/A CON EXPERIENCIA.

Nº Oferta: 12/2010/1771

- Data: 12/03/10

- Posto ofertado: OPERADOR/A DE MÁQUINAS DE PASAR O FERRO DE PEZAS DE ROUPA (LAVANDARÍAS E SIMILARES)

- Localidade: OURENSE

REQUISITOS

NECESÍTASE OPERADOR/A DE MÁQUINAS DE PASAR O FERRO DE PEZAS DE ROUPA. NECESARIA EXPERIENCIA.

º Oferta: 12/2010/1773

- Data: 12/03/10

- Posto ofertado: PANADEIRO/A

- Localidade: TEO (A CORUÑA)

REQUISITOS

NECESÍTASE APRENDIZ DE PANADEIRO/A PARA TRABALLAR NA ZONA DE TEO

Nº Oferta: 12/2010/1842

- Data: 12/03/10  
- Posto ofertado: FARMACÉUTICO/A, EN XERAL  
- Localidade: MORAÑA (PONTEVEDRA)

REQUISITOS

NECESÍTASE FARMACÉUTICO/A.

Nº Oferta: 12/2010/1857

- Data: 12/03/10

- Posto ofertado: PROFESOR/A DE ENSINO SUPERIOR  
- Localidade: RIBEIRA (A CORUÑA)

REQUISITOS

NECESÍTASE PROFESOR/A DE ENSINO SUPERIOR. TITULACIÓN MÍNIMA A NIVEL DE DIPLOMATURA. EXPERIENCIA COMO PROFESOR/A DE CONTABILIDADE.

Nº Oferta: 12/2010/1888

- Data: 12/03/10

- Posto ofertado: ANIMADOR/A SOCIOCULTURAL  
- Localidade: OIA (PONTEVEDRA)

REQUISITOS

NECESÍTASE ANIMADOR/A SOCIOCULTURAL.

Nº Oferta: 12/2010/2031

- Data: 12/03/10

- Posto ofertado: FARMACÉUTICO/A EN XERAL  
- Localidade: SALVATERRA DE MIÑO (PONTEVEDRA)

REQUISITOS

NECESÍTASE FARMACÉUTICO/A.

Nº Oferta: 12/2010/2053

- Data: 12/03/10

- Posto ofertado: MONTADOR/A DE CARPINTARÍA METÁLICA, ALUMINIO E PVC  
- Localidade: PADRON (A CORUÑA)

REQUISITOS

NECESÍTASE INSTALADOR/A DE CARPINTARÍA METÁLICA CON EXPERIENCIA E CON COÑECEMENTOS DE SOLDADURA E PERMISO DE CONDUCIR.

Nº Oferta: 12/2010/2062

- Data: 12/03/10

- Posto ofertado: MODISTA  
- Localidade: OURENSE

REQUISITOS

NECESÍTASE MODISTA CON MAIS DE TRES ANOS DE EXPERIENCIA.

Nº Oferta: 12/2010/2063

- Data: 12/03/10

- Posto ofertado: CAMAREIRO/A, EN XERAL  
- Localidade: RIBADAVIA (OURENSE)

REQUISITOS

NECESÍTASE CAMAREIRO/A. UN ANO DE EXPERIENCIA

Nº Oferta: 12/2010/2089

- Data: 12/03/10

- Posto ofertado: TÉCNICO/A EN CONTROL DE CALIDADE EN INDUSTRIAS ALIMENTARIAS  
- Localidade: POBRA DO CARAMIÑAL, A (A CORUÑA)

REQUISITOS

NECESÍTASE TÉCNICO/A EN CONTROL DE CALIDADE EN INDUSTRIAS ALIMENTARIAS.

Nº Oferta: 12/2010/2125

- Data: 12/03/10

- Posto ofertado: ALBANEL CARAVISTEIRO  
- Localidade: XINZO DE LIMIA (OURENSE)

REQUISITOS

NECESÍTASE ALBANEL CARAVISTEIRO.

Nº Oferta: 12/2010/2148

- Data: 12/03/10

- Posto ofertado: PERRUQUEIRO/A UNISEX  
- Localidade: SANTA COMBA (A CORUÑA)

REQUISITOS

NECESITASE PERRUQUEIRO/A CON COÑECEMENTOS DE ESTÉTICA E EXPERIENCIA, PARA A ZONA DE SANTA COMBA.

Nº Oferta: 12/2010/2156

- Data: 12/03/10

- Localidade: OURENSE

REQUISITOS

NECESÍTASE AXENTE COMERCIAL PARA VENDA DE SERVIZOS DE TELECOMUNICACIÓNS

Nº Oferta: 12/2010/2215

- Data: 12/03/10

- Posto ofertado: MOZO/A DE CARGA E DESCARGA, ALMACÉN E/OU MERCADO DE ABASTOS

- Localidade: MOS (PONTEVEDRA)

REQUISITOS

NECESÍTASE MOZO/A DE CARGA E DESCARGA.

Nº Oferta: 12/2010/2240

- Data: 12/03/10

- Posto ofertado: PROFESOR/A DE EDUCACIÓN DE ADULTOS

- Localidade: MELON (OURENSE)

REQUISITOS

NECESÍTASE PROFESOR/A DE EDUCACIÓN DE ADULTOS. FORMACIÓN RELACIONADA CON INFORMÁTICA. UN ANO DE EXPERIENCIA E CARNÉ DE CONDUCIR B.

Nº Oferta: 12/2010/2243

- Data: 12/03/10

- Posto ofertado: IMPRESOR/A DE SERIGRAFÍA

- Localidade: NARÓN (A CORUÑA)

REQUISITOS

NECESÍTASE SERIGRAFISTA CON EXPERIENCIA PARA REALIZAR TRABALLOS SOBRE DISTINTOS MATERIAIS. CARNÉ DE CONDUCIR B1.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/empregoprivado>

## **Profesor de Alemán para o Centro Superior de Hostelería de Galicia**

12/03/2010

O Centro Superior de Hostelería de Galicia convoca un proceso selectivo é a cobertura dunha (1) praza de Profesor/a departamento de Idiomas - Alemán, con adicación a xornada completa ata a reincorporación da titular.

Requisitos: Licenciatura Universitaria. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

Experiencia profesional na área ou docente, ou estadía en país onde o alemán sexa idioma oficial, de 12 meses (cun mínimo de 6 meses en país onde o alemán sexa idioma oficial).

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 17 de marzo de 2010.

Máis información en [www.turgalicia.es](http://www.turgalicia.es) (Empresa-Ofertas de emprego)

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/emprego/empregopublico/autonomica>

## Técnico de deportes no Concello de Padrón

12/03/2010

O Concello de Padrón fai unha convocatoria para a contratación dun/dunha técnico/a de deportes, mediante concurso en réxime laboral temporal.

Requisitos: estar en posesión do título de Técnico en Actividades Físicas e animación deportiva, ou de Licenciado en Educación Física, ou Maxisterio (especialidade Educación Física).

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 22 de marzo de 2010.

Máis información no BOP da Coruña do 11 de marzo de 2010 e na Omix de Padrón, teléfono 981 811 329.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/emprego/empregopublico/local>

## Xuíz de Paz en Nogueira de Ramuín

12/03/2010

O Concello de Nogueira de Ramuín convoca a praza de xuíz de paz titular.

Requisitos:

- Ser español e maior de idade.

- Non estar incurso nas causas de incapacidade previstas no artigo 303 da Lei orgánica do poder xudicial.

O prazo para presentar solicitudes estará abeto ata o 29 de marzo de 2010.

Máis inforamción no BOP de Ourense do 11 de marzo de 2010 e na Omix de Nogueira de Ramuín, teléfono 988 201

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/emprego/empregopublico/local>

## Comerciais

15/03/2010

PROTELBA selecciona comerciais.

se require:

1. incorporación inmediata.
2. persoa dinámica, con ambicións profesionais e económicas.
3. don de xentes e boa presenza.
4. carné de condución B con máis dun ano.

se ofrece:

1. coche de empresa dende o primeiro día.
2. formación a cargo da empresa e promoción a corto-medio prazo.
3. contrato de 8 hrs. e alta na SS.
4. fixo de 1061 euros/mes + 180 euros por comidas e kilometraje.

interesados chamar: 981 65 47 90 ou 638 82 19 63

La Voz de Galicia do domingo 14 de marzo de 2010.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/empregoprivado>

### **Convocadas 3 prazas temporais na facultade de informática da UDC.**

15/03/2010

A Universidade da Coruña, convoca 3 prazas 1 para doutor ou equivalente e 2 para enxeñeiros informáticos.

Os contratos teñen unha duración temporal entre os 6 meses e 1 ano.

Os prazos de presentación de solicitudes son ata o 15 o 22 e o 25 de marzo , según a praza convocada.

Máis información: [www.udc.es](http://www.udc.es)

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/emprego/empregopublico/universidade>

### **Convocadas 5 prazas de titulado técnico superior e medio de actividades técnicas e profesionaisI**

15/03/2010

O Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial, convoca estas 5 prazas de persoal laboral temporal.

Trátase dun contrato de realización dun proxecto de investigación cunha duración ata o 31/12/2011, para o proxecto "Deseño preliminar de SO/PHI . Explotación científica de sunrise.

O prazo de presentación de solicitudes é ata o 17 de marzo de 2010.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/emprego/empregopublico/estado>

## **Convocadas Bolsas de emprego temporal na Axencia Europea de Medicamentos.**

15/03/2010

As prazas convocadas son de axentes temporais de varias categorías.

As categorías son Asistente: Centro de datos, Infraestrutura, Tecnoloxías da información e da comunicación.

Asistente colaboración Unificada.

Asistente administrador científico (medicamentos veterinarios).

Asistente: sector de conformidade e inspección.

O prazo de presentación de solicitudes é ata o 22 de abril de 2010.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/emprego/empregopublico/local>

## **Convocadas prazas de alumnos na Escola Xudicial para acceso a Carreira Xudicial.**

15/03/2010

O Consello Xeral do Poder Xudicial, convoca 250 prazas para alumnos para acceso a Xuíz e 150 para acceso á categoría de Avogado Fiscal.

O prazo de presentación de solicitudes é de 20 días naturais, contados a partir da publicación no BOE.

Máis información BOE do 13 de marzo de 2010.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/emprego/empregopublico/estado>

## **Convocadas prazas de auxiliar administrativo**

15/03/2010

O Concello de Almería, convoca 42 prazas de auxiliar administrativo, por turno libre polo sistema de concurso-oposición.

O prazo de presentación de solicitudes é de 20 días naturais, contados a partir da publicación no BOE.

Máis información BOE do 8 de marzo de 2010.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/emprego/empregopublico/local>

## **Convocadas prazas de Auxiliar Administrativo.**

15/03/2010

O Concello de Burriana( Castellón), convoca 5 prazas de auxiliar administrtrivo, polo sistema de oposición.

O prazo de presentación de solicitudes é de 20 días naturais, contados a partir da publicación no BOE.  
Máis información BOE do 12 de marzo de 2010.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/emprego/empregopublico/local>

## **Convocadas prazas de auxiliar de arquivos, bibliotecas e museos.**

15/03/2010

A UNED, convoca 10 prazas de auxiliar de arquivo, bibliotecas e museos polo sistema de concurso-oposición.

O prazo de presentación de solicitudes é ata o 29 de marzo de 2010.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/emprego/empregopublico/estado>

## **Convocadas varias bolsas de emprego do servizo de extinción de incendios da Comunidade de Madrid.**

15/03/2010

As bolsas son de diversas categorías e a duración é de 1 ano, prorrogable outro ano.

As bolsas convocadas son de auxiliar de bombeiro, de encargado controlador vixancia de incendios, bombeiro conductor e emisorista de CECOP.

O prazo de presentación de solicitudes é ata o 25 de marzo de 2010.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/emprego/empregopublico/autonomica>

## Encargados instalacións eléctricas

15/03/2010

TEYDI empresa lider en instalacións eléctricas precisa incorporar na súa organización:

1. Encargados de instalacións eléctricas.
2. oficiais de 1ª electricistas.

se require:

1. experiencia en obras de instalacións eléctricas o seu cargo.
2. disponibilidad para viaxar.

se ofrece:

1. bo ambiente de traballo.
2. salario segundo valía.

interesados mandar CV a :

teydi@teydi.es, www.teydi.es

La Voz de Galicia do domingo 14 de marzo de 2010.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/empregoprivado>

## MECÁNICO

15/03/2010

GRUPO FERNÁNDEZ para concesionario en A Coruña selecciona Mecánico Oficial de Primeira.

se require:

1. experiencia mínima de tres anos.
2. se valorarán coñecementos de electricidade.

se ofrece:

- incorporación inmediata.

enviar CV a: pablogerencia@autosfernandez.com

La Voz de Galicia do domingo 14 de marzo de 2010.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/empregoprivado>

## MONITORES/DIRECTORES ACTIVIDADES DE TEMPO LIBRE

15/03/2010

Para Xestión de dous albergues propio e extensión de actividades en toda Galicia, buscamos profesionais para traballar no verán e no próximo curso escolar. Selección a cargo de ALTEGA. ([www.altega.com](http://www.altega.com)).

se require:

1. titulados en Monitor/Director de actividades de tempo libre.
2. remuneración ata 1350/1800 euros/mes segundo valía.

Enviar CV con fotografía a:

[rrhh@altega.com](mailto:rrhh@altega.com)

La Voz de Galicia do domingo 14 de marzo de 2010.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/empregoprivado>

### Ofertas de Emprego Privado

15/03/2010

Oferta Nº 974558 Localidade: Carballo Posto ofertado: Auxiliar administrativo/a  
Realizará atención telefónica e presencial ó público, presupostos e organización do equipo de comerciais para Bergantiños. Necesaria formación mínima a nivel de Ciclo Superior na rama de Administración, experiencia dun ano no posto e carné B. De 20 a 40 anos.

Oferta Nº 974535 Localidade: O Pino Posto ofertado: Camareiro/a de comedor  
Precísase persoal de entre 20 e 35 anos, cun ano de experiencia en hostalaría, para realizar tarefas de servizo de comidas. Traballo a xornada completa no que é necesario ter o carné B e vehículo propio, así como coñecementos de informática.

Oferta Nº 974534 Localidade: O Pino Posto ofertado: Cociñeiro/a  
Precísase persoal con dous anos de experiencia en cociña tradicional para traballar a xornada completa. Necesario carné B e vehículo propio para chegar ó lugar de traballo. A partir de 25 anos.

Oferta Nº 974532 Localidade: A Coruña Posto ofertado: Axente comercial (Sector: Têxtil)  
Para realizar venda de produtos têxteis relacionados co ámbito da xeriatría, sanidade, salóns de peiteado, garderías, etc. Necesarios coñecementos do mercado o que se van dirixir as vendas. Ofrecen contrato mercantil con comisións por vendas. Compatible con outras actividades laborais.

Oferta Nº 974525 Localidade: A Coruña Posto ofertado: Axente comercial (Rama: Informática e Electrónica)  
Encargarase de visitar asesorías e departamentos de persoal ofertando os produtos da empresa. Necesaria experiencia en vendas e coñecementos de asesorías (fiscal e laboral). Xornada completa de luns a venres. Necesario carné B e coche propio. Ofrecen contrato mercantil con soldo fixo máis obxectivos por venda.

Oferta Nº 974502 Localidade: A Coruña Posto ofertado: Comercial (Rama: Alimentación)  
Precísase persoal de máis de 20 anos de idade para ofrecer produtos de confeitaría a empresas. Con carné de conducir B e vehículo propio. Traballo a xornada completa no que ofrecen contrato mercantil.

Oferta Nº 974519 Localidade: A Coruña Posto ofertado: Electricista oficial  
Empresa necesita oficial de 1ª ou 2ª para realizar tarefas de seguimento e control da posta en marcha das rutas de instalación e contadores de luz, manipulación de equipos de alta e media tensión e reparación de contadores na cidade de Pamplona. Necesario carné B e ter cinco anos de experiencia no posto. Traballo a xornada completa

Informa: 902 116 039.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/empregoprivado>

## **Prazas na Deputación de Ourense**

15/03/2010

A Deputación Provincial de Ourense convoca a selección, como persoal laboral temporal das seguintes prazas:

- Peón de mantemento para o Teatro Principal.
- Peón de mantemento para o Pazo dos Deportes Paco Paz.
- Legoeiro para o Servizo de Vías e Obras.
- Peón agrícola para a explotación do Reino.
- Tres operarios da recollida de lixo.
- Operario das zonas verdes da zona de Ribadavia.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 29 de marzo de 2010.

Máis información no BOP de Ourense do 13 de marzo de 2010 e na Deputación de Ourense, telefono 988 385 125.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/emprego/empregopublico/local>

## **Prazas para a Deputación de Ourense**

15/03/2010

A Deputación de Ourense convoca proceso selectivo para a contratación como persoal laboral temporal das seguintes prazas:

- Peón de mantemento para o Pazo Provincial.
- Enxeñeiro especialista en informática: título de técnico superior informático: ciclo formativo de grao superior da rama informática.
- Peón de albanel para o Servizo de Vías e Obras
- Axudante de taller para o Parque de Maquinaria.
- Chofer maquinista para o Servizo de Vías e Obras: estar en posesión do título de graduado en educación secundaria obrigatoria ou equivalente e, así mesmo, o permiso de conducir tipos C e E.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 27 de marzo de 2010.

Máis información no BOP de Ourense do 12 de marzo de 2010 e na Deputación de Ourense, teléfono 988 385 125.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/emprego/empregopublico/local>

## Representante Comercial

15/03/2010

TECNODIN SL empresa fabricante de componentes para maquinaria busca representante comercial para Galicia e Portugal.

sectores de venda:

Suministros industriais, fabricantes de maquinaria industrial, etc.

Interesados enviar CV a: [tecnodin@tecnodin.es](mailto:tecnodin@tecnodin.es)

La Voz de Galicia do domingo 14 de marzo de 2010.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/empregoprivado>

## Responsable de rede Comercial

15/03/2010

SEGUROS VITALICIO necesita incorporar un responsable de rede comercial para Galicia.

se require:

1. habilidades para o reclutamento, selección, formación e tutela de seu equipo de asesores.
2. disposto a traballar por obxectivos.
3. experiencia previa na Dirección de Equipos de Venda.
4. formación académica media ou superior.

se ofrece:

1. boa remuneración.
2. progresión profesional.

interesados mandar CV a: Vitalicio Seguros, paseo de Ronda, 5-1º, 15011 A Coruña.

[j.c.reguera@generalis.es](mailto:j.c.reguera@generalis.es)

La Voz de Galicia do domingo 14 de marzo de 2010.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/empregoprivado>

### Convocatoria dunha bolsa de Enxeñeiro/a Técnico Agrícola

09/03/2010

Estas bases regulan o procedemento que se ha de seguir para a concesión, dunha bolsa, por concurso de méritos, que ten por obxecto a realización de tarefas na Área de Fruticultura e Ornamentais, da Estación Fitopatolóxica do Areeiro, destinada a Enxeñeiros/as Técnicos Agrícolas/Forestais da Deputación Provincial de Pontevedra.

Poderán ser beneficiarios/as destas bolsas aquelas persoas físicas que, tendo plena capacidade de obrar e non estando inhabilitadas para a obtención de axudas e subvencións públicas, reúnan os seguintes requisitos:

1. Posuír a nacionalidade española ou ser nacional dun dos países membros da Unión Europea.
2. Estar en posesión do título de Enxeñeiro/a Técnico Agrícola ou Forestal ou en condicións de obtelo na data na que remate o prazo de presentación de instancias.
3. Non ter cumpridos os 35 anos de idade na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes.

Estas bolsas figuran cunha dotación económica de 1.200 €/mes.

As instancias solicitando tomar parte no concurso dirixiranse ao Sr. Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra e presentaranse no rexistro xeral da Corporación Provincial no prazo de 10 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

Máis información: Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOP), núm. 45, do 8 de marzo de 2010.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/ensino/bolsaseaxudas>

### Convocatoria dunha Bolsa para Licenciado

09/03/2010

#### BASES DA CONVOCATORIA DUNHA BOLSA DE LICENCIADO UNIVERSITARIO/A CON DESTINO A FINCA MOURISCADE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA.

Estas bases regulan o procedemento que se ha de seguir para a concesión, dunha bolsa, que teñen por obxecto a realización de tarefas de investigación e apoio no laboratorio da Finca Mouriscade.

Poderá ser beneficiario/a desta bolsa aquelas persoas físicas que, tendo plena capacidade de obrar e non estando inhabilitadas para a obtención de axudas e subvencións públicas, reúnan os seguintes requisitos:

1. Posuír a nacionalidade española ou ser nacional dun dos países membros da Unión Europea.
2. Estar en posesión do título de : Licenciado/a

en Ciencias Biolóxicas, Ciencias Químicas, Tecnoloxía dos Alimentos, Farmacia e Enxeñería Agrónoma, ou en condicións de obtelo na data na que remate o prazo de presentación de instancias.

3. Non ter cumpridos os 35 anos de idade na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes.

Estas bolsas figuran cunha dotación económica de 1.200 €/mes .

As instancias solicitando tomar parte no concurso

dirixiranse ao Sr. Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra e presentaranse no rexistro xeral da Corporación Provincial no prazo de 10 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

Máis información: Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOP), núm. 45, do luns 8 de marzo de 2010. [www.depontevedra.es](http://www.depontevedra.es)

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/ensino/bolsaseaxudas>

## **Axudas da Acción Esratéxica de Saúde, no marco do Plan Naciona I+D+i**

11/03/2010

**A Secretaria de estado de Investigación e o Instituto de Saúde Carlos III convoca axudas. O obxecto destas axudas, é a formación de investigadores en biomedicina e ciencias da saúde, mediante a realización dunha tese doutoral en centros de I+D+i .**

Estas axudas constan de varios subprogramas:

-De formación, mobilidade e contratación e incorporación

-De formación e mobilidade

-De contratación e incorporación.

**BENEFICIARIOS.**

-Titulados superiores e estudantes. En concreto veñen reseñadas en cada subprograma da convocatoria do BOE

### **PRAZO**

O prazo de presentación das solicitudes e da restante documentación necesaria en cada caso será a seguinte:

a) Subprogramas de Formación e Mobilidade:

Modalidade de Axudas Predoctorales de Formación en Investigación en Saúde (PFIS): do 10 de marzo ao 8 de abril, ambos os dous inclusive.

Modalidade de Axudas Predoctorales de Formación en Xestión da Investigación en Saúde (FGIN): do 10 de marzo ao 8 de abril, ambos os dous inclusive.

Modalidade Contratos de Formación en Investigación «Río Hortega» para profesionais sanitarios que finalizasen o período de formación sanitaria especializada: do 1 ao 30 de xuño, ambos os dous inclusive.

Modalidade Bolsas de ampliación de Estudos (BAE): do 10 de marzo ao 8 de abril, ambos os dous inclusive.

b) Subprograma de Contratación e Incorporación:

Modalidade de Contratos postdoutorais de perfeccionamento en investigación en saúde «Sara Borrell»: do 10 de marzo ao 8 de abril, ambos os dous inclusive.

Modalidade de Contratos de Investigadores no Sistema Nacional de Saúde «Miguel Servet»: do 1 ao 30 de xuño, ambos os dous inclusive.

Modalidade de Contratos de Técnicos de Apoio á investigación no Sistema Nacional de Saúde: do 1 ao 30 de xuño, ambos os dous inclusive.

c) Subprograma de Proxectos de investigación (PI) en saúde: do 10 de marzo ao 12 de abril, ambos os dous inclusive.

d) Subprograma de Infraestruturas científico-tecnolóxicas para centros do Sistema Nacional de Saúde: do 11 de maio ao 10 de xuño, ambos os dous inclusive.

e) Subprograma de Institutos de Investigación Sanitaria: do 10 de marzo ao 30 de abril, ambos os dous inclusive.

f) Subprograma de Accións de dinamización do ámbito investigador e tecnolóxico do Sistema Nacional de Saúde: do 10

de marzo ao 4 de maio, ambos os dous inclusive.

No caso dos Proxectos de investigación en saúde, de forma excepcional, poderanse presentar solicitudes, en idioma español ou inglés, ao abeiro do Espazo Europeo de Investigación, ou enmarcados neste, ou de axencias de programas internacionais, ao longo do exercicio 2010, dado que os prazos de tramitación das axudas nestes casos non coinciden co prazo fixado nesta convocatoria.

#### INFORMACIÓN

BOE do 8 de marzo de 2010.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/ensino/bolsaseaxudas>

### Charlas do Servizo Municipal de Información Xuvenil de Ribadavia.

11/03/2010

A OMIX de Ribadavia impartirá charlas nos IES do concello:

- IES O Ribeiro: charla de orientación laboral os días 22 (4A as 11:30 h) e 23 (4B as 16:00 h) de marzo.

Charla de promoción económica os días 10 (4A as 11:30 h) e 11 (4B as 16:00 h) de maio.

- IES Abrente. charla de orientación laboral o día 12 de maio as 17:10 h.

Charla de promoción económica o día 25 de marzo as 9:20 h.

Máis información:

O.M.I.X. Oficina Municipal de Información Xuvenil

Praza Maior 1, 32400 Ribadavia (Ourense)

Tel: 988 477 100 (ext.23), Fax: 988 477 101

E-mail: [omix\\_ribadavia@yahoo.com](mailto:omix_ribadavia@yahoo.com)

Web-site: <http://www.omixribadavia.net>

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/ensino>

### Bolsas de postgrado en estatística

12/03/2010

O Ministerio de Economía e Facenda convoca doce bolsas coa finalidade de fomentar e promover a investigación estatística, así como o desenvolvemento e implantación de procesos estatísticos, mediante a formación de postgraduados.

O período de desfrute de cada unha das bolsas será de doce meses, iniciándose o primeiro día do mes seguinte á comunicación da concesión da bolsa.

#### REQUISITOS

Para poder obter unha das bolsas obxecto da presente convocatoria, os solicitantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Posuír plena capacidade de obrar, así como a nacionalidade española ou a dun país membro da Unión Europea ou do Espazo Económico Europeo, e ser residente en España no momento de iniciar o desfrute da bolsa.

b) Estar en posesión do título de licenciado, enxeñeiro ou arquitecto, ou de Grao, que deberá terse obtido durante os últimos catro anos anteriores á data da publicación da presente Resolución de convocatoria das bolsas. Os títulos obtidos deberán ser oficiais ou estar recoñecidos ou validados. No caso de estar en trámite o devandito recoñecemento ou validación no momento de solicitarse a bolsa, quedará, se é o caso, condicionada a concesión desta á obtención do recoñecemento ou validación.

c) Encontrarse ao corrente no pagamento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social nos termos previstos na normativa vixente.

d) Non incorrer nas prohibicións do artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

#### PRAZO

O prazo de presentación de solicitudes será de quince días hábiles a contar dende o día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial do Estado.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/ensino/bolsaseaxudas>

## **Cursos de Informática na Universidade de A Coruña**

12/03/2010

A Universidade de A Coruña oferta os cursos de Informática.

O prazo de inscrición nos cursos do Campus de A Coruña é ata o 17 de marzo de 2010.

Na páxina web da Universidade figuran os cursos que imparten no campus de A Coruña; a día 11 de marzo non saíron os cursos de Lugo, que deben estar a saír.

Información na páxina web: [www.udc.es/afi/](http://www.udc.es/afi/)

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/ensino/cursosmastersposgraos>

## **Bolsas de Internacionalización do Instituto de Comercio Exterior 2010/2011**

15/03/2010

O Instituto Español de Comercio Exterior (ICEX) convoca as Bolsas de Internacionalización 2010-2011, cuxo obxectivo é a formación de profesionais especializados en internacionalización empresarial.

O programa de bolsas de Internacionalización do ICEX consta de dúas fases: unha primeira, de formación na Rede de Oficinas Económicas e Comerciais das Embaixadas de España e unha segunda, de formación en empresas e institucións vinculadas á internacionalización, dentro e fóra de España

### **DURACIÓN DO PROGRAMA**

A Fase I de prácticas terá unha duración de 12 meses, dende outubro de 2010 ata setembro de 2011. Os bolseiros destinados en China (Beijing, Shanghai, Hong Kong, Cantón) e Taipei, así como en Seúl, Tokyo, Trípoli, Moscú, Kiev, Almaty, Ankara e Istanbul terán ademais un curso intensivo de tres meses de duración de árabe, coreano, chinés mandarín, xaponés, turco ou ruso nos seus respectivos destinos, polo que a súa Fase I de prácticas se estenderá ata o mes de decembro de 2011.

A Fase II de prácticas terá unha duración máxima dun ano, iniciándose en novembro de 2011, salvo para os bolseiros destinados en Seúl, China, Taipei, Ankara, Istanbul, Tokyo, Trípoli, Moscú, Kiev e Almaty, que comezará en xaneiro de 2012.

### **NÚMERO DE PRAZAS**

O número de bolsas convocadas para a realización de prácticas na Rede de Oficinas Económicas e Comerciais das Embaixadas de España será de 255, como máximo, en función das capacidades da devandita Rede, que se adjudicarán entre os alumnos que superen o Máster de Xestión Internacional da Empresa.

### **REQUISITOS DOS CANDIDATOS**

Para ser admitidos no Máster de Xestión Internacional da Empresa, os aspirantes deben reunir os seguintes requisitos:

- Nacionalidade dun estado membro da Unión Europea (2).
- Ter nacido a partir do 1 de xaneiro de 1981.
- Estar en posesión dunha titulación universitaria superior elixible (Anexo I, que figura na páxina do ICEX) obtida con anterioridade ao 31 de outubro de 2009.
- Dominio da lingua española e nivel de inglés avanzado: B2.1 da EOI (BOCM n.º 147,22 de xuño de 2007).
- Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- Non ter gozado doutra bolsa de similares características (as concedidas por Administracións Autonómicas, Cámaras de Comercio, Turespaña, Organismos de Promoción Comercial da UE, etc.).

## SOLICITUDE DE ADMISIÓN e PRAZO

Se o aspirante reúne os requisitos mencionados no apartado anterior, deberá cumprir o formulario de inscrición accesible a través do portal de Internet do ICEX <http://www.icex.es/becas>. O prazo de presentación de solicitudes é do 20 de maio ao 19 de xuño de 2009.

Os dereitos de inscrición de 50 Euros (IVE incluído) serán aboados mediante transferencia bancaria á conta indicada no formulario de inscrición. O aboamento efectuarase dentro do prazo de presentación de solicitudes. No devandito ingreso ou transferencia deberá constar claramente o nome do aspirante.

## INFORMACIÓN

Na páxina web: [www.icex.es](http://www.icex.es)

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/ensino/bolsaseaxudas>

## Bolsas do Instituto de Comercio Exterior (ICEX)

15/03/2010

O Instituto Español de Comercio Exterior (ICEX), convoca as bolsas para a formación de expertos en informática, en materia de internacionalización, nas Oficinas Económicas e Comerciais das Embaixadas de España (OFECOMES). A finalidade destas bolsas é a de proporcionar ao bolseiro unha preparación na implantación, o mantemento e o desenvolvemento dos sistemas informáticos de información e documentación do ICEX nas OFECOMES.

A bolsa de informática terá unha duración de 12 meses, dende outubro de 2010 ata setembro de 2011.

## REQUISITOS

O perfil que se busca é o dun titulado superior ou de grao medio con estudos ou experiencia en implantación, mantemento e desenvolvemento de sistemas informáticos de información e documentación. Con coñecementos técnicos en ámbitos Microsoft Windows 2003, WIN 2000 e XP, en ámbitos de rede LAN-WAN así como Mensaxería electrónica Exchange e coñecementos avanzados en ofimática e en operacións técnicas de mantemento e seguridade de plataformas informáticas.

Para ser admitidos á realización das probas selectivas, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos mínimos:

a. Posesión con anterioridade á data de peche da Convocatoria (31 de marzo de 2010) dunha Titulación universitaria de grao superior (licenciatura) ou media (diplomatura), Grao ou Máster. Admitiranse tamén as seguintes titulacións dos Ciclos Formativos de Grao Superior:

- Técnico Superior en Administración de Sistemas Informáticos- Técnico Superior en Desenvolvemento de Aplicacións Informáticas

- Técnico Superior en Sistemas de Telecomunicación e Informática

b. Ter a nacionalidade dun Estado membro da Unión Europea(\*)

c. Ter nacido a partir do 1 de xaneiro de 1981.

d. Dominio da lingua castelá e nivel de inglés intermedio: B1.2 da EOI (BOCM n.º 147, 22 de xuño de 2007).

e. Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

f. Non ter gozado dunha bolsa do ICEX en anteriores convocatorias, nin ter sido beneficiario doutra bolsa de similares características (as concedidas por Administracións Autonómicas, Cámaras de Comercio, Organismos de Promoción Comercial da UE, etc.).

## PRAZO

Se o aspirante reúne os requisitos mencionados no apartado anterior, deberá cumprir o formulario de inscrición accesible a través do portal de Internet do ICEX <http://www.icex.es/becas>. O prazo de presentación de solicitudes é do 1 ao 31 de marzo de 2010.

## INFORMACIÓN

Na páxina web: [www.icex.es](http://www.icex.es)

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/ensino/bolsaseaxudas>

## PROGRAMA DE FORMACIÓN E APOIO AO EMPREGO

15/03/2010

RADIO ECCA FUNDACIÓN presenta o programa de formación e apoio ó emprego.

Gratuito, dirixido a mulleres e xóvenes desempregados. Subvencionado polo Ministerio de Sanidade e Política Social.

MATRÍCULA ABERTA.

Tfno: 981 293 658

La Voz de Galicia do domingo 14 de marzo de 2010.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/ensino/cursosmastersposgraos>

## Escolas de Tempo Libre

### Curso de Monitores/as de Actividades de Tempo Libre

11/03/2010

A Escola de Tempo Libre Pasatepos ten previsto realizar un curso de Monitores/as de Actividades de Tempo Libre en colaboración co OMIX de A Guarda de finais de Marzo a Finais do mesde Maio.

Información sobre horarios, prezos, etc... no teléfono da OMIX de A Guarda: 986614546 ou no e-mail [informacion@aguarda.es](mailto:informacion@aguarda.es).

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/escolasdetempolibre>

### Curso de Monitor de Tempo Libre en A Estrada

12/03/2010

La Oficina Municipal de Información Xuvenil de A Estrada organiza curso de Monitor de Tempo Libre

Os participantes deberán ter o título de Educación Secundaria, Escolar ou equivalente.

Hay 25 prazas.

A duración é de 200 horas e outras 150 de prácticas específicas.

O Prazo remata o 15 de marzo de 2010.

Información na OMIX de A Estrada,

Tlfno.: 986 840 179.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/escolasdetempolibre>

### Espazo Xuvenil convoca cinco cursos de Monitor de Tempo Libre

12/03/2010

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado vai desenvolver 5 cursos de Monitor de Tempo Libre, no marco do Programa de Cooperación Transfronteiriza ESPAZO XUVENIL. Esta actividade formativa comezará a finais de marzo e rematará a finais de maio. Cada curso terá unha duración de 200 horas teóricas e 150 prácticas, e está dirixida a mozos e mozas da eurorexión Galicia Norte de Portugal.

Os cursos desenvolveranse nas vilas de Crecente, Verín, Ribadumia, Barbadás e na cidade de A Coruña. Cada curso oferta 25 prazas. En Crecente e Verín resérvanse 10 prazas desas 25 para mozos portugueses.

Con esta iniciativa a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado ven a completar a oferta formativa de cara a 2010, buscando alternativas na formación para a creación de potenciais emprendedores na eurorexión Galicia Norte de Portugal.

Os alumnos deberán estar en posesión do título de Graduado Escolar, Graduado en ESO ou Técnico Auxiliar en Formación Profesional.

Os cursos teñen un carácter gratuito e a maneira de inscribirse será a seguinte:

Envía un correo electrónico a [xuventude@xunta.es](mailto:xuventude@xunta.es) indicando o teu nome e apelidos, a túa dirección postal, o teu enderezo electrónico, o teu teléfono móbil e o curso no que estás interesado (esta información está no PDF adxunto) Ten en conta que dende a mesma dirección de correo electrónico só poderás inscribir a unha persoa e que cada persoa só se poderá inscribir nun curso.

Os alumnos de cada un dos cursos serán admitidos por riguroso orde de inscrición na dirección electrónica referida, e os admitidos serán confirmados mediante un correo electrónico onde se lles indicará os trámites para formalizar a matriculación

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/escolasdetempolibre/asescolas>

## **Curso de monitor de actividades de tempo libre na Escola de Tempo Libre FESÁN**

15/03/2010

O Curso de Monitor de Tempo Libre realizarase no Concello de Carnota dendo o día 13 de marzo o 24 de xullo de 2010 os sábados de 9:00 h a 14:00 h e de 15:00 h a 20:00 h (10 horas)

Lugar onde se vai impartir: Concello de Carnota (no salón de actos) Plaza San Gregoria 18, CP 15293

Teléfono: 981522426

Fax: 981522223

E-mail: [etlfesan@fesan.org](mailto:etlfesan@fesan.org)

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/escolasdetempolibre>

### Exposición "Orígenes. Cinco hitos na evolución humana" en Lugo

09/03/2010

A Obra Social Fundación "la Caixa" en colaboración con o Concello de Lugo, organiza a Exposición de "Orígenes. Cinco hitos na evolución humana", do 30 de marzo o 27 de abril de 2010 na Plaza Horta do Seminario, Avda Ramón Ferreiro.

No marco da exposición ofrecense visitas guiadas gratuitas:

-Visitas entre semana: dirixidas a centros, asociacións e entidades socioculturales. Débese concertar día e hora chamando ó nº tfno.: 902 906 666.

-Visitas comentadas de fin de semana: dirixidas ó público xeral os sábados, domingos e festivos as 12 h e as 18 h. Non e necesaria reserva previa.

Para conocer mellor esta proposta reallizaráse unha sesión de presentación que terá lugar o día 30 de marzo ás 17:30 horas na sede da exposición.

INFORMACIÓN: TLFNO.: 902 906 666.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/lecericultura>

### Estadías nas residencias de tempo libre

15/03/2010

A Secretaría Xeral de Familia e Benestar da Consellería de Traballo e Benestar convoca o procedemento de adxudicación de estadías e servizos das residencias de tempo libre de Panxón e O Carballiño para o ano 2010, sitas nas localidades de Panxón-Nigrán (Pontevedra) e O Carballiño (Ourense).

Persoas destinatarias: poderán ser destinatarias todas as persoas maiores de idade, ou menores sempre que vaian acompañados dos seus proxenitores ou titores legais, que teñan a súa residencia en territorio español. Igualmente poderán acollerse os galegos residentes no exterior.

O servizo de residencia consistirá no aloxamento e mantenza en réxime de pensión completa durante a quenda adxudicada ás persoas beneficiarias.

Poderán gozar do servizo de comedor os familiares e amigos das persoas residentes que veñan visitar a instalación, segundo as normas para a provisión de prazas que determine o/a director/a de cada residencia, e sen prexuízo da lóxica prioridade que se outorgue e se garanta ás persoas aloxadas.

As solicitudes de estadías na residencia de tempo libre de Panxón poderán presentarse ata o 9 de abril de 2010.

Máis información no DOG do 15 de marzo de 2010.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/lecericultura>

### SUBVENCIONS ENTROIDO 2010. CONCELLO DE CUNTIS

12/03/2010

O obxecto destas bases é establecer un marco normativo que regula a concesión de axudas a asociacións e colectivos debidamente legalizados e inscritos no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Cuntis e ás agrupacións de persoas físicas sen personalidade xurídica que veñen realizando actividades e traballos directamente relacionados coa Festa do Entroido do ano 2010 e de competencia municipal.

Entenderase por axuda e subvención toda disposición de cartos realizada por esta Entidade a favor de persoas públicas ou privadas, que cumpra os seguintes requisitos:

1. Que a entrega se realice sen contraprestación directa dos/as beneficiarios/as.
2. Que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, á execución dun proxecto, á realización dunha actividade, á adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, ou á concorrencia dunha situación debendo o/a beneficiario/a cumprir as obrigas materiais e formais que se establezan.

Para poder ser beneficiarios/as das subvencións previstas nestas Bases deberase cumprir que:

1. Todas as asociacións sen ánimo de lucro e legalmente constituídas debidamente inscritas no Rexistro de Asociacións Municipais que realicen as súas actividades dentro do termo municipal.
2. As agrupacións de persoas físicas sen personalidade xurídica constituídas para a realización de traballos directamente relacionados co Desfile-Concurso do Entroido do día 14 de febreiro de 2010, día que se trasladaría para o 16 do mesmo mes en caso de aprazamento por inclemencias metereolóxicas.

O prazo de presentar as solicitudes será de 30 días naturais a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Máis información: Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOP), núm.48, do xoves 11 de marzo de 2010. [www.depontevedra.es](http://www.depontevedra.es)

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/lexislacioninterese>

## Subvencións para actividades e festexos populares 2010

12/03/2010

O Concello de Cuntis (Pontevedra) convoca subvencións para actividades e festexos populares.

Estas bases teñen por obxecto establecer os criterios e o procedemento para conceder as subvencións municipais, a entidades sen ánimo de lucro para a realización de actos e festexos populares en 2010, de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, libre concorrència, non discriminación e igualdade, para a prestación de servizos e a realización de actividades que complementen ou suplan ás atribuídas á competencia municipal; ou que, en xeral contribúan ao fomento dos intereses xerais ou sectoriais dos/as veciños/as do Municipio.

Poderán ser obxecto de subvencións as seguintes actividades:

1. Deportes: Gastos de organización de actividades deportivas ou relacionadas coa promoción do deporte e gastos de organización de actividades en xeral.

2. Cultura: Actividades relacionadas co achegamento á comunidade das artes plásticas, literatura, teatro, música, divulgación das ciencias e demais manifestacións culturais e artísticas.

3. Xuventude: Actividades dirixidas á mocidade.

4. Fomento do asociacionismo: Gastos na organización de actividades que fomenten o asociacionismo (veciñal, cultural, xuvenil...) en materia de ocio e tempo libre.

O período que se terá en conta para a realización das actividades será desde o 1 de xaneiro ata o 30 de setembro de 2010.

As destinatarias das subvencións serán entidades que cumpran os seguintes requisitos:

1. Estar legalmente constituídas.

2. Carecer de ánimo de lucro.

3. Desenvolver as súas actividades no termo municipal de Cuntis.

4. Estar inscritas no Rexistro de Asociacións do Concello de Cuntis na data de publicación da convocatoria destas subvencións.

As entidades interesadas poderán solicitar as subvencións no prazo dun mes contado a partir do

día seguinte á publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Máis información: Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOP), núm. 48, do xoves 11 de marzo de 2010.  
[www.depontevedra.es](http://www.depontevedra.es)

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/lexislacioninterese/ordesesubvencions>

## SUBVENCIÓN ACTIVIDADES CULTURAIS, SOCIAIS,..

15/03/2010

Mediante acordo plenario de data catro de febreiro de 2010 aprobaranse as bases reguladoras da concesión de subvencións para actividades sociais, culturais, medio ambientais, de promoción da igualdade de oportunidades, xuventude, deportivas e actuacións musicais, a realizar durante o ano 2010 no concello de Baiona (Pontevedra).

A presente convocatoria pública de subvencións terá como obxectivo apoiar o desenvolvemento de programas ou actividades que complementen a programación e servizos municipais e que se realicen con carácter público en Baiona nos seguintes ámbitos:

1. Actividades Sociais.
2. Actividades Culturais.
3. Actividades Medio Ambientais.
4. Actividades de Promoción da Igualdade de Oportunidades.
5. Actividades de Xuventude.
6. Actividades Deportivas.
7. Actuacións musicais.

Poderán solicitar as subvencións reguladas na presente convocatoria as asociacións, ou outras realidades asociativas sen ánimo de lucro, que figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Baiona á data de presentación da solicitude, e que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Baiona, que teñan capacidade para levar a cabo as actividades subvencionables.

O prazo de presentación das solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte da publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

Máis información: Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOP), núm. 50, do luns 15 de marzo de 2010.  
[www.depontevedra.es](http://www.depontevedra.es)

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/lexislacioninterese/ordesesubvencions>

### Ecovixía polos Cañóns do Sil

12/03/2010

Dende Amigos da Terra, en colaboración con Alberto Rivero, imos organizar para o sábado día 6 de marzo unha nova saída de ecovixianza, co obxectivo de detectar problemáticas ambientais e as desfeitas contra a natureza que se están a realizar na zona dos Cañóns do Sil, para o cal faremos unha visita guiada.

Data: sábado 6 de marzo.

Saída: 10h. desde a Explanada da comisaría de Policía en Ourense. Regreso: ás 19h.

Que levar: a comida-picnic, roupa de abrigo ou chubasqueiro, e calzado cómodo,

Tamén recomendamos prismáticos, cámara de fotos, un caderno de notas e lapis.

Data límite inscrición: xoves 4 de marzo (é necesario respectar esta data para que poidamos organizarnos nos coches que dispomos para ir).

Animádevos e apuntádevos poñéndovos en contacto con Amigos da Terra: 988.37.43.18 (Ángel Dorrió) ou nos email: [info@amigosdaterra.net](mailto:info@amigosdaterra.net)

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/medioambiente>

### CURSO DE FORMACION EN TÉCNICAS DE INVESTIGACIÓN SOCIALI no Ámbito da Mocidade

09/03/2010

1º.- Curso curso de formación en técnicas de investigación social no ámbito da mocidade.

2º.-Obxectivos.

Formar o persoal da Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil a nivel teórico-práctico sobre técnicas de investigación social aplicadas ao ámbito da xuventude.

3º.-Persoal ao que vai dirixido.

Persoal da dirección xeral de xuventude e voluntariado e da Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil , ou persoas que no pertencen a Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil e teñan feito o curso básico de información xuvenil.

4º.-Criterios de selección.

Terá prioridade o persoal da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado e da Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil por antigüidade no posto. En caso de vacantes poderán acceder as persoas que teñan feito o curso básico de información xuvenil.

5º.-Desenvolvemento do curso.

O curso será totalmente presencial. É obrigatoria a asistencia e puntualidade a todas as sesións presenciais do curso. Toda ausencia deberá ser xustificada debidamente polo interesado.

1. Duración: 20 horas.

Número de edicións: 1

2. Lugar e datas:

Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil de Galicia, en Santiago de Compostela.

Datas: 12,14, 19, 21 e 28 de abril, de 10 \_ 14,00 horas..

3. Nº de prazas: 20.

6º.-Contidos.

Técnicas de investigación social no ámbito da mocidade. Contextualización da investigación social. Tipos de estudos en investigación social. Métodos de mostreo. Técnicas de investigación social cuantitativas. Diseño dun proxecto de investigación social.

7º.-Solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días naturais a partir do día seguinte ao da publicación no portal xuventude.net ( Do 10 de marzo ata ao 29 de marzo).

As solicitudes de admisión están colgadas no portal [www.xuventude.net](http://www.xuventude.net), no apartado de novidades e tamen no apartado Rede Galega de Información Xuvenil , curso de técnicas de investigación social.

8º.-Certificacións de asistencia.

1. Outorgaráselles o correspondente certificado de asistencia aos alumnos que participen con regularidade e dedicación no desenvolvemento dos cursos. Para os efectos de avaliar os coñecementos adquiridos polos alumnos, poderán realizarse probas obxectivas.

2. É obrigatoria a asistencia e puntualidade a todas as sesións presenciais.. A falta de asistencia, aínda que sexa xustificada, a máis do 15% das horas lectivas programadas, impedirá a expedición da certificación anteriormente referida e dará lugar á baixa no curso coa perda de todos os dereitos.

9º.-Modificacións.

A Consellería de Traballo e Benestar poderá suspender o curso se non houbese un mínimo de alumnos, así como modificar o desenvolvemento e os contidos do curso anunciado co fin de adaptalo ás necesidades da Administración, así como ás distintas continxencias que poidan xurdir.

10º A asistencia a este curso será gratuíta para as alumnas e alumnos seleccionados.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/rix>

### Axudas para a conservación do patrimonio cinematográfico

09/03/2010

Convócanse para o ano 2010, en réxime de concorrencia competitiva, axudas para a conservación do patrimonio cinematográfico, destinadas a subvencionar ata o 50 por 100 do custo da realización das duplicacións das obras cinematográficas e audiovisuais precisas para garantir a súa preservación.

#### BENEFICIARIOS

Poderán optar a estas axudas os produtores ou propietarios das obras cinematográficas e audiovisuais e do seu soporte orixinal que cumpran os requisitos xerais para obter a condición de beneficiario establecidos no artigo 13 da Orde CUL/2834/2009, do 19 de outubro, e se comprometan a non exportar o devandito soporte orixinal durante un período mínimo de dez anos. Cando sexan varios os produtores ou propietarios, o compromiso efectuarase de forma solidaria.

#### PRAZO

O prazo para a presentación de solicitudes comprenderá dende o día seguinte ao da publicación da resolución no «Boletín Oficial do Estado» ata o día 15 de abril de 2010, ambos os dous inclusive.

#### INFORMACIÓN

BOE do 9 de marzo de 2010

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/tecnoloxia>